O Pino Concello patrimonio

Pazo do Picón

Lugar: O Picón | **Parroquia:** Arca | **Coordenadas:** 42º54'18.8"N 008º20'56.8"W.

Accesos: Pola N- 547 dirección Arzúa, no núcleo de Arca-Pedrouzo cóllese un desvío á man dereita que leva ata o lugar de O Picón, onde se sitúa o pazo.
Clasificación: Pazo
Época: 1699- Século XVII
Contorna: Rural
Uso: Privado
Material orixinal: Pedra
Grao de protección: Catálogo Normas Subsidiarias Provinciais
Valoración do recurso: Atractivo local
Grao de utilización: Privado
Sinalización: Non

Material Estado de conservación
Xeral: BO
Fábrica: Pedra BO
Carpintería: BO
Revocos: NON PROCEDE
Aleiros: BO
Cerraxería: NON PROCEDE
Cuberta: BO
Outros: NON PROCEDE
Estrutura: BO
Interior: NON AVALIADO



Edificación de estilo barroco. Planta en U moi aberto. Fábrica de mampostería pizarrosa enlucida e pedras de cantería de granito en partes nobres. Fachada con portas baixas e fiestras cadradas de peitoril de cantería. Na á norte, escaleira e patín alongado con escudo dos Rey. Unha das cousas que máis agrada deste pazo é a súa presentación como conxunto agrícola e en especial a súa situación nun bosque de cedros e eucaliptos.

Accédese a el por un pista que atravesa unha zona de paisaxe natural de gran beleza. A inmensa leira que rodea o pazo aínda conserva as grandes árbores e as distintas especies autóctonas e foráneas. Presenta un escudo con certo parecido ao de Porto Outeiro. Do seu tellado sobresae unha torreciña almeada de construción recente. No seu interior destaca o seu xardín de

laboriosa e labiríntica arquitectura botánica a base de vetustas plantas de buxo, traballosamente siluetadas e que serven de marco para as reportaxes fotográficas de numerosas parellas recén casadas da zona.

A ampliación do torreón fíxose no ano 1958. O lintel sobre a porta da solaina ten data de 1699.